

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 30 DE SETEMBRO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día trinta de Setembro de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez. -  
Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-  
los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 23 de Setembro.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-**

Visto o escrito presentado por Don Antonio Fidalgo González, veciño de Francelos, con domicilio na rúa do Pouso, no que interesa información urbanística aplicable a un solar sito no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o informe emitido polos servicos técnicos do Concello, que di o seguinte: "Coas condicións da licencia de obra teranse que determina-las condicións de: o pase ou servidume de augas que cruzan o solar.- Ordenanza 4.1.1  
Ordenanza CU: Conxunto Urbano en conservación parcial de

carácter.- CATEGORIA A.- Definición.- Espacio en ordenación cerrada con patios interiores. Está constituída por edificios antigos e representativos da urbe sendo preciso no mesmo unha conservación total do devandito carácter tradicional.- Ambito Territorial.- Sinalado no plano de ordenación.- Normas de uso: Usos admitidos: Residencial: Vivenda unifamiliar e agrupada.- 4.8 ORDENANZA CU: CONXUNTO URBANO EN CONSERVACION PARCIAL DE CARACTER.- 4.8.1.- DEFINICION.- Espacio, xeralmente en ordenación cerrada con patios interiores. Está constituída por edificios antigos e representativos do carácter da urbe sendo preciso no mesmo unha conservación total ou parcial do devandito carácter tradicional.- 4.8.2.- AMBITO TERRITORIAL.- O sinalado no plano de organización municipal.- 4.8.3.- NORMAS DE USO.- 4.8.3.1.- USOS ADMITIDOS.- Residencial: vivenda agrupada; Industrial e Almacén: talleres domésticos e artesanais así como almacéns compatibles ou conviventes coa vivenda; Comercial: comercio de calquera clase. Tódolos graos; Dotacional: calquera clase, de primeiro grao asimilable á ordenación cerrada.- 4.8.4.- NORMAS DE VOLUME.- 4.8.4.1.- CONDICIONS DE POSICION.- Aliñacións e rasantes: as do planeamento.- 4.8.4.2.- CONDICIONS DE PARCELACION.- Sen límite en razón ó parcelario.- 4.8.4.3.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- As alturas de cornisa e plantas máximas admitidas no núcleo antigo, edificado en máis das súas dúas terceiras partes, será a media dos edificios existentes, determinada sobre a fronte da mazá ou praza na que esté enclavado o solar.- O fondo máximo para calquera altura será de 15 metros; Industria e almacén: talleres domésticos e artesanais, así como almacéns compatibles ou conviventes coa vivenda, en segunda categoría; Comercial: comercio de calquera clase en planta baixa; Dotacional: calquera clase de primeira e segunda categoría, asimilable á ordenación cerrada; Usos prohibidos: tódolos demais; Normas de volume: condicións de posición; Aliñacións e rasantes: as do planeamento; Edificación entre medianerías; Condicións de parcelación: a que dea lugar a unha vivenda que cumpra a lexislación de habitabilidade que lle é de aplicación; Condicións estéticas, Voos: permitiranse os voos abertos, formados por balcóns de 50 centímetros, coma máximo de voo e sempre que o seu peto sexa de fundición ou ferro. Admitiránse, en obras de nova edificación, as galerías acristaladas así mesmo, cun voo máximo de 50 cm.; Materiais de fachadas: as fachadas serán de pedra de granito de acordo co executado ata o momento; Cornisas: será obrigatoria a execución de cornisas nos beiriles dos tellados cuio voo máximo non poderá exceder de 30 cm.; Cubertas: as cubertas serán inclinadas, sendo o material de cubrición tella curva cerámica plana ou curva. A pendente máxima será do 45% partindo da liña de cornisa, debendo ser uniforme. Quedan prohibidos os quebros nos faldóns;

Carpintería exterior: empregárase madeira ou aluminio lacado en cores similares ós existentes na actualidade; Condicións de edificación: a altura de cornisa e número de plantas máximas admitidas quedan recollidas no plano P-2 de Ordenación e Xestión en II (B+1) e III (B+2) segundo as zonas. O fondo máximo edificable será de 15 m. medido perpendicularmente á rúa.- Para a ubicación que nos ocupa é B+1".

Vista unha revisión de licencia para construción de galpón de Don Ursino Veloso Chousal, veciño de Francelos, con domicilio na Estrada de Filgueira, 50, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a un informe emitido polos servizos técnicos do Concello que di: "Con data 23 de Xuño de 1995, solicítase por Don Ursino Veloso a construción dun garaxe nunha ubicación concreta e dimensións que se reflexen na propia solicitude.- O galpón en construción, en canto a súa ubicación non se corresponde co sinalado no croquis, pois, no mesmo aliñase co camiño "Terreos" e na realidade dá fronte á estrada de Filgueira.- A súa aliñación respecto á estrada de Filgueira, é a sinalada no Estudio de Detalle e achégase copia do plano a escale 1:500, sendo a medida, 20 metros en aliñación tomada no edificio situado na fronte.- As dimensións deberán axustarse ás da solicitude".

Visto o escrito de Unión Fenosa, con domicilio na rúa Sáenz Díez, 95, de Ourense, no que fai referencia a devolución dun aval por importe de 1.200.000 pesetas, constituído pola construción da obra "Canalización subterránea de 160 m. de lonxitude na rúa Rodríguez Valcárcel, hoxe Ribeiro, desta Vila, segundo licencia nº 1.966, de data 30-09-92" e, visto tamén o informe emitido polos servizos técnicos deste Concello ó respecto, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a devolución do devandito aval.

Visto o escrito de Don Raúl Fernández Feroso, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Emilia Pardo Bazán, 9, 6º C, en representación da Comunidade de Bens Irmáns Fernández Docampo e ante as dificultades legais para constituir a sociedade que representa, interesa a subrogación dos dereitos de edificación dun inmovible sito na rúa Ribeiro, 27, derivados da licencia municipal concedida por esta mesma Comisión o pasado 4 de Marzo a prol da propiedade do solar, Dona Consuelo Docampo Martínez, esta Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado. Así mesmo, tamén se interesa no mesmo escrito, prórroga da licencia de obras para dita edificación, esta Comisión de Goberno acorda acceder ó solicitado. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación, tendo en

conta as mesmas condicións sinaladas naquela data.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Delegación da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, comunicando resultados obtidas na análise da mostra recollida o día 2/9, comunicando apta a auga da zona de baño "Pozas de Francelos".

Da farmaceutia titular, partes quincenais de cloración de augas do abastecemento de consumo público de Ribadavia e Santa Cristina.

Da farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas de consumo público do abastecemento de Ribadavia e Santa Cristina.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Convenio de colaboración entre este Concello e mailo Centro de Estudos Medievais, no que o devandito Centro se compromete a facilitar cinco persoas para atención de visitas guiadas no servicio de información turística do Concello de Ribadavia e visitas ó Castelo dos Sarmientos para o mes de Setembro, comprometéndose coma contraprestación este Concello a aboar polo devandito servicio a cantidade de 110.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda unha gratificación a Don Gustavo Bangueses Gil, por servicios prestados como Cabo da Policía Local durante o mes de Xullo, por importe de 23.045 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda unha gratificación a Don Kepa Iokin Barrena Arellado, peón de limpeza, por importe de 21.000 pesetas que corresponde a 28 horas extraordinarias realizadas fóra da xornada de traballo.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda solicitar do INEM ó amparo do Convenio de colaboración social

regulado polo R.D. 1445/82 a prórroga ata o 31 de Outubro de 1996 dun traballador para a limpeza de vías públicas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a tres facturas presentadas polo Monitor da Escola de Tenis de Ribadavia, don M. Ramón Gorgojo Coutado, por servizos prestados durante os meses da Maio, Xuño e Xullo pasados, por un total de 206.568 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento do 50% da subvención á Asociación Recreativa-cultural Santa Marta pola organización do "Torneo Verán Fútbol Sala", por importe de 50.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento do 50% da subvención á Asociación Hermandade Deportiva Sarmiento pola organización do "Torneo de Verán de Baloncesto", por importe de 50.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba as seguintes BASES E CONVOCATORIA PUBLICA para a contratación laboral temporal de persoal para impartir ensinanzas musicais no Conservatorio de Música de grao medio de Ribadavia:

**BASES PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL PARA IMPARTIR ENSINANZAS MUSICAIS NO CONSERVATORIO DE MUSICA DE GRAO MEDIO DE RIBADAVIA.**

Primeira.-

O obxectivo das presentes Bases é o de regula-la contratación temporal por este Concello, ó amparo do preceptuado no Real Decreto 2.546/94, regulador dos contratos para obra ou servizo determinado, de sete profesores/as para impartir Ensinanzas Musicais no Conservatorio de Música de Grao Medio de Ribadavia durante o Curso 1996-1997, convocatoria de Xuño, que son:

- 1.- Profesor/a de solfexo-piano.
- 2.- Profesor/a de percusión.
- 3.- Profesor/a de saxofón.
- 4.- Profesor/a de frauta.
- 5.- Profesor/a de violín.
- 6.- Profesor/a de clarinete.

7.- Profesor/a de vento-metal.

Segunda.-

O contrato terá a duración necesaria para el desenvolvemento do curso, convocatoria de Xuño, é dicir, rematará o día 30 de Xuño de 1997.

Terceira.-

A xornada laboral será a precisa para o desenvolvemento do curso e fixarase en razón da programación que se faga do curso, e da matrícula de alumnos que se rexistre.

Cuarta.-

As presentes Bases expóñense ó público no Taboleiro de Anuncios do Concello e Oficina de Emprego de Ribadavia, podendo os interesados presentalas solicitudes no rexistro de entrada deste Concello ata as doce horas do vindeiro día 7 de Outubro.

Nas instancias solicitarase a admisión ó proceso selectivo do curso, facéndose constar que se reúnen, con referencia á data na que expire o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Non padecer enfermidade nin defecto físico para prestalos servizos.
- b) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade para contratar co Concello.
- c) Estar en posesión do título de profesor da especialidade musical das prazas convocadas.
- d) Ter capacidade adecuada para os cometidos ós que se aspira.
- e) Cumprir con todos os requisitos que esixa a Lexislación vixente, en materia de contratación laboral.

Coa solicitude aportarase un sobre cerrado no que se incluíra o historial académico e profesional do aspirante.

Quinta.-

Fixaranse os seguintes criterios para a valoración dos méritos dos candidatos:

1.- Formación académica (máximo 3,00 puntos).

1.1.- Título de profesor superior da especialidade á que se

opte: 1,50 puntos.

1.2.- Título de profesor da especialidade á que se opte: 1,00 puntos.

1.3.- Título de profesor ou profesor superior doutras especialidades musicais distintas ás que se opte, por cada unha: 0,50 puntos.

2.- Experiencia docente (máximo 4,00 puntos).

2.1.- Por cada curso de experiencia docente no Conservatorio de Música de Ribadavia, na especialidade á que se opte: 2,00 puntos.

2.2.- Por cada ano de experiencia docente, na especialidade á que se opte, noutro Conservatorio de Música de carácter oficial: 0,50 puntos.

2.3.- Por cada ano de experiencia docente en escolas de música ou centros non oficiais, na especialidade á que se opte: 0,20 puntos.

2.4.- Por cada ano de experiencia docente en escolas de música ou centros non oficiais, en especialidade distinta á que se opte: 0,10 puntos.

3.- Outros méritos (máximo 3,00 puntos).

3.1.- Por realización de cursos oficiais, cun mínimo de dez horas, relacionados coa formación na disciplina musical á que se opta: 0,30 puntos.

3.2.- Por realización de cursos non oficiais, cun mínimo de dez horas, relacionados coa formación na disciplina musical á que se opta: 0,20 puntos.

3.3.- Por realización doutros cursos relacionados coa educación ou a ensinanza: 0,10 puntos.

Documentos xustificativos:

a) Para formación académica:

Certificación académica persoal orixinal ou fotocopia compulsada do título de profesor ou profesor superior de cada materia, ou, se é do caso, do aboamento dos dereitos de expedición, conforme á Orde do 8 de Xuño de 1988 (BOE. do 13).

b) Para experiencia docente:

Certificación do secretario ou do director do centro no que houbese prestado servicios no que consta a data de toma de posesión e cesamento e a especialidade musical.

c) Outros méritos:

Certificado de realización de cursos nos que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso de cursos organizados polas institucións sen fin de lucro, deberá acreditarse de forma que se dea fe do recoñecemento ou homologación da institución que impartiu o curso.

A comisión de valoración, formada polo Sr. Alcalde, ou Concelleiro en quen delegue, e un membro da Corporación, designado polo Alcalde, e o Secretario ou funcionario en quen delegue que actuará como secretario da Comisión, poderá, no caso de empate entre dous ou mais candidatos trala aplicación dos criterios anteriores, celebrar una entrevista a cada un dos candidatos.

Sexta.-

Rematado o proceso selectivo, aprobarase a relación de aspirantes de maior a menor puntuación total, para contratar á persoa que encabece cada relación.

Sétima.-

No prazo dos tres días seguintes á publicación no taboleiro de anuncios do Concello da relación de aspirantes, o proposto deberá tomar posesión da praza para acceder ó posto de traballo.

No caso de que o aspirante seleccionado non tomara posesión da praza no prazo conferido, ou que durante o período de contratación de prazas quedaran vacantes ou fose preciso cubri-las por baixas de calquera tipo, procederá a contratar ó aspirante que siga en puntuación na correspondente relación, e así sucesivamente. Neste caso, o novo aspirante deberá aporta-la documentación no prazo de cinco días hábiles, a contar dende a recepción da notificación.

Oitava.-

Para o non previsto nas presentes Bases, estarase ó disposto no Real decreto 2.546/94, así como ó que dispoña a lexislación laboral.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**



Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.